



Data: 05.04.2025 **Hora:** 23:30

Asunto: DECISION nº 22 **Doc. nº:** 122

De: Comisarios Deportivos

Para: Participante nº 2.

Concursante: Pontevedra 1984 Team

Director de Carreira

Os Comisarios Deportivos, tras recibir o informe suscrito polo Xefe de Parque de Traballo (doc. 118) no que figura que un membro do equipo nº 2, con *“o vehículo de cor vermello co dorsal n.º 2 de entrenos, sen acreditación de asistencia, facendo caso omiso das indicación do comisario, entra a parque de traballo de malas maneiras”* e *“sen autorización”*, e aportando unha fotografía na que se mostra ó conductor do vehículo mostrando unha falta de respecto a un oficial, consideraron o asunto e determinan o seguinte:

Piloto, Copiloto e vehículo nº: 2. Alberto Meira Fernández e Avelino Martínez López

Concursante: Pontevedra 1984 Team

Data e hora dos feitos: 5 de abril, 16:09 h.

Feito: Circular con un vehículo non autorizado polo parque de asistencia, non seguir as instrucións dos oficiais, e amosar mala conducta incompatible co espírito deportivo, feitos todos eles cometidos por un membro do equipo.

Infraacción: Incumprimento do art. 9.1 do Regulamento Xeral do Campionato Galego de Ralis, que establece que *“os equipos deben comportarse sempre dunha forma compatible co espírito deportivo”*; incumprimento do art. 9.8 do Regulamento Xeral do Campionato Galego de Ralis, que establece que *“en todo momento, os equipos deberán seguir as instrucións dos oficiais”*, e incumprimento do art. 24.5 do Regulamento Xeral do Campionato Galego de Ralis, que establece que *“unha vez que entre o vehículo de asistencia no PA, si sae, non poderá volver a entrar no mesmo excepto que o autorice o xefe de parque.”*



Decisión: Imposición de unha amonestación ó clube PONTEVEDRA 1984 TEAM (art. 9.1 e 9.8), e imposición ó participante número 2 de unha sanción de sesenta (60) segundos a aplicar na clasificación final da proba (art. 24.5).

Razón: Recibido informe suscrito polo Xefe do Parque de Trballo no que manifesta que un membro do equipo nº 2, con *“o vehículo de cor vermello co dorsal n.º 2 de entrenos, sen acreditación de asistencia, facendo caso omiso das indicación do comisario entra a parque de traballo de malas maneiras”* e *“sen autorización”*, e aportando unha fotografía na que se mostra ó conductor do vehículo mostrando unha lamentable falta de respecto ó oficial, e previa confirmación de que o vehículo implicado corresponde ó declarado polo equipo para realizar os recoñecementos da proba, o CCDD recibiu declaracións dos tripulantes do vehículo nº 2 e ó representante do Clube Pontevedra 1984 Team, na que recoñeceron que o vehículo é propiedade do piloto participante nº 2, e o seu conductor é tamén membro do seu equipo, se ben en ese momento estaba asistindo a outro participante.

Os tres declarantes pediron expresas desculpas ó oficial agraviado, aceptadas por éste.

Imposición e gradación da sanción pola infracción ós arts. 9.1 e 9.8 do RXCGR: Este CCDD tivo en conta para a imposición da sanción pola infracción ós arts. referidos, que os feitos non foron cometidos por ningún tripulante do vehículo número 2, e o art. 9.15 CDI establece que é o concursante o responsable das conductas de calquier persoa do equipo. Por este motivo, non se sanciona ó participante nº 2 polas indicadas infraccións.

En canto a gradación da sanción, este CCDD tivo en conta que tanto os tripulantes do vehículo nº 2, como o responsable do Clube, pediron expresas desculpas ó oficial agraviado, desculpas que foron aceptadas por éste.

Según o art. 12.3.3 C.D.I., esta decisión é inmediatamente executiva incluso en caso de apelación.

Recórdase ós concursantes que teñen dereito a apelar certas decisións dos Comisarios Deportivos según o Art. 15 do Código Deportivo Internacional, dentro dos prazos de aplicación.



PRESIDENTE CCDD

RUBÉN CARBALLO IGLESIAS

COMISARIO DEPORTIVO

LAURA PIÑEIRO GONTAÁ

COMISARIO DEPORTIVO

FRANCISCO BARREIRO CAAMAÑO

Recibido polo concursante

Nome:

Cargo:

Firma:

Data: Hora: